



## Guía Docente

Datos Identificativos					2012/13
Asignatura (*)	Idioma Moderno: Italiano	Código	613G01050		
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6	
Idioma	Italiano				
Prerrequisitos					
Departamento	Filoloxía Española e Latina				
Coordinación	Sanchez Palomino, Maria Dolores	Correo electrónico	maria.dolores.sanchez.palomino@udc.es		
Profesorado	Sanchez Palomino, Maria Dolores Vallin Blanco, Gema	Correo electrónico	maria.dolores.sanchez.palomino@udc.es g.vallin@udc.es		
Web					
Descrición xeral	Formación básica na descrición da lingua italiana. Teoría e práctica do italiano.				

## Competencias da titulación

Código	Competencias da titulación

## Resultados da aprendizaxe

Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación

## Contidos

Temas	Subtemas
1. Ortografía e sistema fonolóxico do italiano.	1.1. Descrición do sistema fonético-fonolóxico. 1.2. Relacións fonemas-grafemas.
2. A entoación.	2.1. Esquemas básicos de entoación da lingua italiana.
3. O substantivo.	3.1. O xénero. 3.2. O número.
4. O adxectivo.	4.1. Tipos de adxectivos. Variación en xénero e número.
5. O artigo.	5.1. O artigo definido. 5.2. O artigo indefinido. 5.3. O artigo partitivo.
6. O demostrativo.	6.1. O demostrativo de proximidade. 6.2. O demostrativo de afastamento. 6.3. O demostrativo de distancia media.
7. O pronome persoal.	7.1. O pronome persoal suxeito. 7.2. O pronome persoal de obxecto directo. 7.3. O pronome persoal de obxecto indirecto. 7.4. O pronome reflexivo. 7.5. Os pronomes adverbiais &quot;ci&quot;, &quot;vi&quot;, &quot;ne&quot;.
8. O posesivo.	8.1. O adxectivo posesivo. 8.2. O pronome posesivo.
9. Os indefinidos.	9.2.1. Tipoloxía.
10. Os numerais.	10.1. Os numerais ordinais. 10.2. Os numerais cardinais.
11. Relativos, interrogativos e exclamativos.	11.1. Relativos. 11.2. Interrogativos e exclamativos.



12. O verbo.	12.1. Conxugacións. 12.2. Tempos verbais: presente, imperfecto e futuro de indicativo; condicional e &quot;passato prossimo&quot;. O participio.
13. As preposicións.	13. As preposicións de uso máis frecuente.
14. As conxuncións.	14.1. As conxuncións de uso máis frecuente.
15. As interxeccións.	15. As interxeccións de uso máis frecuente.
16. A negación.	16.1. Estructuras negativas.
17. A interrogación.	17.1. Interrogación total e parcial.
18. A expresión dos graos do adxectivo.	18.1. O comparativo. 18.2. O superlativo.
19. Léxico elemental das esferas da vida cotiá.	19.1. Corpo e saúde. 19.2. Familia e casa. 19.3. Traballo e escola. 19.4. Viaxes e transportes. 19.5. Comidas e bebidas. 19.6. Cidade e medio ambiente. 19.7. Roupas. 19.8. Compras e tempo de lecer.

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	14	21	35
Discusión dirixida	3	9	12
Lecturas	6	12	18
Prácticas a través de TIC	2	1	3
Presentación oral	0.5	1	1.5
Proba mixta	4	28	32
Proba oral	1	3	4
Resumo	0	2	2
Prácticas de laboratorio	4.5	0	4.5
Estudo de casos	12	24	36
Atención personalizada	2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Clases teóricas e prácticas impartidas polo profesor sobre os contidos do materia.
Discusión dirixida	Participación do alumnado nun tema de debate suscitado polo profesor, segundo pautas previamente marcadas por este.
Lecturas	Realización de lecturas fóra e dentro da aula.
Prácticas a través de TIC	Prácticas a través de TIC para o coñecemento e manexo de recursos, bibliografía e programas relacionados coa materia.
Presentación oral	Exposición breve na aula dun tema proposto polo profesor.
Proba mixta	Realización dunha proba con preguntas de tipo diverso que permita avaliar os coñecementos e competencias adquiridos polo alumnado.
Proba oral	Realización dunha proba oral que permita coñecer os avances do alumnado nos coñecementos e competencias da lingua falada.
Resumo	Elaboración de traballos de redacción e síntese sobre diversos temas.



Prácticas de laboratorio	Valorarase fundamentalmente a comprensión auditiva e a destreza reprodutiva do estudante.
Estudo de casos	Realización de exercicios e traballos prácticos sobre a materia impartida.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Proba oral Presentación oral Discusión dirixida Prácticas de laboratorio	A atención personalizada pode variar en función do tipo de metodoloxía empregada: no caso da aprendizaxe colaborativa, da discusión e da exposición oral dirixida realizarase no marco da aula, de xeito que o tempo de atención se dividirá entre todos os alumnos, mentres que nas probas orais será individual. Tamén se programarán sesións de tutoría individualizada ao longo do curso.

### Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Estudo de casos	Avaliarase o grao de corrección na entrega de exercicios feitos ou propostos na clase.	10
Proba oral	Avaliarase os coñecementos e competencias relativos ao nivel falado da lingua.	20
Resumo	Valorarase o grao de elaboración e corrección lingüísticas. Para poder ser obxecto de avaliación, o traballo deberá presentarse no prazo marcado.	10
Proba mixta	Proba escrita con preguntas de diverso tipo para avaliar os coñecementos e as distintas competencias acadadas.	35
Presentación oral	Avaliarase tanto a elaboración da presentación, coma o grao de corrección lingüística acadado a nivel oral e a capacidade para interesar e facer participar ao resto dos compañeiros.	10
Sesión maxistral	Valorarase a asistencia ás aulas e a participación activa, segundo a seguinte escala: número de faltas inferior ao 5%, 100% da cualificación; faltas entre o 5 e o 10%, 50% da cualificación; máis do 10% de faltas, 0 puntos. A nota resultante nos dous primeiros casos poderá ser obxecto de matización (ata un 20% á baixa) se a participación do alumno non foi axeitada.	5
Prácticas de laboratorio	Valorarase fundamentalmente a comprensión auditiva e a destreza reprodutiva do estudante.	10

### Observacións avaliación



Cabe a possibilidade de que eventualmente se produza algún cambio nas probas (substitución ou engadido) se durante o curso se programase algunha actividade non prevista polo momento (conferencia...). Criterios de avaliación: na primeira oportunidade, para obter o Aprobado será necesario acadar un mínimo de 4 puntos sobre 10 no conxunto da Proba mixta e da Proba oral, ademais de realizar como mínimo o 50% das actividades propostas (Resumo, Estudo de casos, Presentación oral, Prácticas de laboratorio), nas que se deberá obter unha nota mínima global de 6. Non se terán en conta as actividades entregadas fóra de prazo. Considerarase como Non Presentado aquel alumno que non faga o conxunto das Probas mixta e oral, salvo se realizou o 50% ou máis das actividades propostas, xa que neste caso será obxecto de avaliación. Na segunda oportunidade, para obter o Aprobado será necesario completar a realización&nbsp;&nbsp; de todas as actividades marcadas para o curso, igualmente coa nota mínima de 6; polo seu propio carácter, as prácticas de laboratorio e a exposición oral serán substituídas por outra proba&nbsp;&nbsp; que avalíe&nbsp;&nbsp;as mesmas competencias e destrezas. Polo que se refire ao conxunto das Probas mixta e oral, deberá obterse tamén un mínimo de 4 puntos para aprobar.&nbsp;&nbsp; En ningunha das dúas&nbsp;&nbsp; oportunidades se fará media con puntuación inferior a&nbsp;&nbsp; 3 nalgunha actividade.&nbsp;&nbsp; Ao comezo do curso darase un calendario de entrega dos traballos e as diferentes actividades da avaliación.&nbsp;&nbsp; Os alumnos con dispensa académica de asistencia e a tempo parcial deberán presentarse ao comezo do curso para recibir indicacións sobre como aprobar o exame, e recibir avaliación continua ao longo de todo o curso.

## Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Carrera Díaz, Manuel (1994-1997). Curso de lingua italiana. Barcelona, Ariel</li><li>- Por determinar (Por determinar). Curso multimediale di lingua italiana. Libro di casa e libro di classe. Por determinar</li><li>- Londero, Eleanor (1992). Dicionario español-italiano italiano-spagnolo. Barcelona, Colins Grijalbo</li><li>- Sañé, Secundi (2009). Il Dizionario spagnolo-italiano. El dicionario italiano español. Bologna, Zanichelli, Vox</li><li>- Arbia, Maria Teresa (2006). Italiano: gramática esencial. Barcelona, Difusión</li><li>- Por determinar (Por determinar). Letture. Por determinar</li><li>- Zingarelli, Nicola (1994). Lo Zingarelli minore. Vocabolario della lingua italiana. Bologna, Zanichelli</li></ul>
<b>Bibliografía complementaria</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- (1994). Come parlano gli italiani. Firenze, La Nuova Italia.</li><li>- (1997). Dizionario italiano Sabatini Coletti. Firenze, Giunti</li><li>- Luigi, Pavia (1927). Gramática sucinta de la lengua italiana con ejercicios de versión y trozos de lectura. Heidelberg, Julio Groos</li><li>- (1993). Italiano Junior. Dizionario della lingua italiana. Milano, Loescher</li><li>- Zingarelli, Nicola (2009). Lo Zingarelli. Vocabolario della lingua italiana. Bologna, Zanichelli</li><li>- Diaco, Mimma (2005). Verbos conjugados: italiano. Barcelona, Difusión</li><li>- (2006). Vocabulario básico del italiano: más de 4000 palabras y expresiones organizadas por temas. Barcelona, Larousse</li></ul>

## Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente



Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Idioma Moderno: Italiano/613G01050
Observacións

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías